

1. O día doce de febreiro
entre as sete e as oito
apareceu en Proendos
un home o mesmo có Antroido.
2. Viña todo esfarrapado
descalciño e en canelas
prá aira da Carpaceira
vindo de cara a Penelas.
3. Viña todo incomodado
porque se lle vía o coiro
e toda a xente que o vía
diciá eí vai o Entroido.
4. O primeiro día que o viu
o señor Pepe do Botas
mandouno ir por ond-el
pra lle facer unhas zocas.
5. Fíxollas moi ben feitiñas
dun cañoto de figueira
pa baila-lo vinteseis
na aira da Carpaceira.
6. O vinteseite, que é lunes
pra que a xente non dea queixa
se o queren ver traballar
vaian ben cedo á carqueixa.
7. Imos poñer na Carqueixa
de ascenario unha artesa
en donde todos os coxos
han bailar a carballea.
8. O Pepiño baila a rumba
o Emilio o rigodón
e o Alexos por máis visto
ha bailar o charlestón.
9. Dispois do baile dos coxos
bailamos nós a suiza
a xente que estea mirando
ha de reventar ca risa.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades